Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2024

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A economía galega e española caracterízanse polo seu forte dinamismo en comparación coa media europea a dos países da zona euro así como das súas principais economías, ao medrar un 0,8% en relación ao trimestre anterior, o dobre do estimado no ámbito europeo En termos interanuais, o PIB medra en Galicia un 2,8%, cinco décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (1%), e os seus principais socios comerciais. Entre estes, Alemaña, a principal economía europea, presenta por quinto trimestre consecutivo unha contracción da súa actividade.

2. Galicia presenta un crecemento do PIB real máis equilibrado que en España ou na Unión Europea, sendo a demanda externa seu o principal motor de crecemento. En concreto, a demanda externa achega de 1,6 puntos fronte a 1,2 puntos no caso da demanda interna, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 2,8 puntos (cinco décimas a demanda externa). O cadro macroeconómico galego reflicte a caída do gasto en consumo privado por segundo trimestre consecutivo, o que contrasta coa medra importante en España, manténdose o gasto público como a compoñente de maior dinamismo e aumentando ao mesmo tempo o investimento.

3. No concernente á demanda externa, as exportacións increméntanse un 4,3%, tres puntos por riba do estimado para as importacións (1,3%). Atendendo ás relacións con terceiros países, cómpre resaltar que Portugal sitúase como principal destino das vendas galegas ao exterior adiantando a Francia por mor, en gran medida, do comportamento do sector de materiais non ferrosos e, en menor medida, o de automóbiles e motos.

4. Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento en Galicia, cun 3,5%, dúas décimas máis que o estimado para a industria e os servizos, o que contrasta coa contracción rexistrada no sector primario (-2,8%). Asemade, destaca o crecemento do 4,2% da industria manufactureira en contraposición coa caída estimada no trimestre anterior. O devandito diferencial de crecemento da economía española ven explicado polo mellor comportamento de todos os sectores agás na construción, sendo especialmente significativa a desigual evolución no sector primario (medra un 8,3% en España).

5. Unha vez máis cómpre resaltar a menor produtividade relativa do tecido produtivo galego en relación á media española, sendo especialmente grave, pola súa importancia, no caso da industria manufactureira. Dunha banda, a produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española en torno ao 3,5% se se mide en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo (PTETC) e en 4,3 puntos en relación ao número de horas. Doutra, a produtividade relativa da industria manufactureira galega sitúase no 78,7% da media española en termos

de PTETC e no 82,6% en termos de horas traballadas, porcentaxes en ambos os dous casos inferiores ás rexistradas en 2008 (81,1% e 87,9%, respectivamente). Asemade, a acusada contracción experimentada no sector primario explica en boa medida, o descenso da produtividade aparente, que no terceiro trimestre se sitúa un 21,6% por baixo da media estatal atendendo ao cociente entre o PIB e os postos de traballo equivalente a tempo completo e un 24,6% por baixo en termos de horas.

6. O maior dinamismo da actividade económica no terceiro trimestre do ano non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo, quen presenta unha significativa ralentización nos catro indicadores da ocupación. En termos agregados aumenta lixeiramente a participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego), situándose a taxa de paro por baixo do 9% por primeira vez dende o ano 2008. Asemade, mellora a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade. Con todo, estes datos teñen de ser matizados novamente tendo en conta tanto que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, así como polo menor dinamismo na creación de emprego que o conxunto do Estado.

7. Tras o devandito incremento do PIB galego nun 2,8%, as afiliacións á Seguridade Social é o indicador que reflicte un mellor comportamento do mercado laboral, cunha medra do 1,5%, oito décimas menos que no ano precedente, situándose esta porcentaxe no 1,4% no caso da poboación ocupada estimada pola EPA (2,7% no mesmo período do ano anterior). Asemade, as contas económicas reflicten a devandita ralentización no ritmo de crecemento do emprego, máis acusada no caso dos postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha medra un 0,7% fronte o 2,2% rexistrado no ano anterior; que no caso das horas traballadas (0,2% fronte aos 1,4% de 2023).

8. O crecemento da poboación activa no terceiro trimestre do ano (0,8%) ven explicada en maior medida polo comportamento da actividade entre as mulleres, con 7.900 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (1,3%), o que contrasta co descenso experimentado no trimestre anterior, aumentando en 2.000 persoas no caso dos homes (0,3%). Asemade, o devandito incremento da poboación activa estímase tanto entre as persoas de nacionalidade española como en maior medida, poboación estranxeira (0,2% e 8,5%, respectivamente); destacando así mesmo, o incremento entre a poboación máis nova e as persoas maiores de 45 anos (2,7% e 3,6%, respectivamente); entre as que posúen estudios primarios ou menos (5,2%) así como entre aquelas persoas con estudos superiores e coa ESO segunda etapa (3,8% e 2,2%, respectivamente).

9. Segundo os datos recollidos na EPA, o balance global positivo do mercado laboral galego viría determinado polo feito de

que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado, aumentando o emprego a xornada completa. Asemade, cómpre resaltar que a creación de emprego prodúcese maioritariamente entre as mulleres, así como o comportamento do sector industrial. Xunto a isto, mellora a situación dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en paro así como do número de fogares sen preceptores de ingresos. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino, sendo as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Asemade, cómpre mencionar o significativo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-18,3%).

10. As recentes publicacións do Comité Europeo da Rexións de outubro ("Informe anual da UE de 2024 sobre o estado das rexións e cidades") e da OCDE de decembro ("OECD Regions and cities at a glance 2024") resaltan o papel das rexións e cidades á hora de abordar as transformacións e desafíos globais aos que se están a afrontar: desafíos demográficos ante a perda de poboación, o envellecemento ou os fluxos migratorios; cambios nos patróns de comercio; a transformación industrial, tecnolóxica e dixital; o medio ambiente e cambio climático; desafíos económicos e sociais como as transformacións no mercado laboral, as desigualdades existentes... Cambios que teñen un impacto asimétrico dada a "diversidade" dos distintos territorios.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.
II- NOTA DE CONXUNTURA:
. A importancia das rexións e as cidades no actual contexto de transformacións

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Xaneiro 2025

I- ANÁLISE DE CONTAS

Contas económicas. Crecemento sostido do PIB galego no terceiro trimestre de 2024

A economía galega e española seguen a presentar un maior dinamismo que o conxunto de países da UE e da zona euro, ao medrar no terceiro trimestre de 2024 un 0,8% respecto ao trimestre anterior, o dobre do experimentado no ámbito europeo. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,8%, cinco décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (1%), e os seus principais socios comerciais. Cómpre mencionar que Alemaña, a principal economía europea, presenta por quinto trimestre consecutivo unha contracción da súa actividade.

A demanda externa constitúe o principal motor de crecemento da economía galega, a diferenza do que acontece en España e na Unión Europea. No terceiro trimestre do ano a demanda externa achega de 1,6 puntos ao agregado do PIB fronte a 1,2 puntos no caso da demanda interna, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 2,8 puntos (cinco décimas a demanda externa). O cadro macroeconómico galego reflicte a caída do gasto en consumo privado por segundo trimestre consecutivo, o que contrasta coa medra importante en España, manténdose o gasto público como a compoñente de maior dinamismo e aumentando ao mesmo tempo o investimento. No caso do sector exterior, as exportacións increméntanse un 4,3%, tres puntos por riba do estimado para as importacións (1,3%). Neste senso cómpre resaltar que Portugal adianta a Francia como principal destino das vendas galegas ao exterior influenciado en gran medida polo comportamento do sector de materiais non ferrosos e en menor medida o de automóbiles e motos.

Dende o lado da oferta, a evolución do PIB explícase polo crecemento do 3,5% estimado para o sector da construción e do 3,3% da industria e os servizos, o que contrasta cunha nova contracción no sector primario galego (-2,8%). Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas, especialmente significativa no sector primario. Cómpre insistir unha vez máis na moi reducida produtividade relativa da actividade manufactureira en relación ao conxunto de España, salientando no último trimestre a forte caída da produtividade aparente no sector primario.

ACTIVIDADE ECONÓMICA

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro acelera o seu crecemento no terceiro trimestre de 2024 ao medrar un 0,4% respecto ao trimestre anterior, o dobre do estimado no segundo trimestre do ano. Entre as cinco grandes economías europeas, España e os países Baixos, que concentran o 8,9% e 6,3% do PIB comunitario, respectivamente, son as que presentan o maior dinamismo cunha taxa de variación intertrimestral do 0,8%, catro décimas por riba do estimado en Francia (achega o 16,3% do PIB). Doutra banda, Alemaña, que aporta o 24% do PIB, rexistra un crecemento do 0,1%, permanecendo estable en Italia (12,2% do PIB).

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e do conxunto da zona euro presentan no último trimestre unha medra do 1% e 0,9%, respectivamente, o que supón o ritmo máis acusado dende o primeiro trimestre de 2023. España mantense entre as economías cun mellor comportamento ao medrar o seu PIB un 3,3% (2,2% no mesmo período do ano anterior), porcentaxe tan só superada por Malta, Croacia, Dinamarca e Chipre. Entre as principais economías da UE, Países Baixos e Francia presentan tamén un crecemento interanual superior á me-

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual



	2022				2023				2024		
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III
Zona euro	5,5	4,1	2,9	2,0	1,4	0,6	0,0	0,1	0,4	0,5	0,9
UE-27	5,6	4,1	2,9	1,7	1,2	0,5	0,1	0,3	0,6	0,8	1,0
Alemaña	3,4	0,8	1,4	0,2	0,2	0,1	-0,3	-0,2	-0,1	-0,2	-0,3
Francia	4,6	3,8	1,4	0,9	1,1	1,3	0,9	1,2	1,4	0,9	1,2
Portugal	12,2	7,7	5,0	3,6	3,3	2,9	1,8	2,1	1,4	1,6	1,9
España	6,9	7,3	6,1	4,6	3,9	2,4	2,2	2,3	2,6	3,2	3,3

Fonte: Eurostat e INE

dia europea, cunha taxa de variación do 1,9% e 1,2%, respectivamente, o que contrasta co crecemento do 0,4% de Italia, e sobre todo coa evolución da actividade económica en Alemaña, que presenta por quinto trimestre consecutivo unha contracción do seu PIB (-0,3%).

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía europea, cunha achega dun punto porcentual, sendo nula a contribución da demanda externa ao crecemento agregado do PIB (oito e unha décima, respectivamente, no caso da zona euro). Entre os distintos compoñentes da demanda

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euros e principais economías europeas 3º trimestre de 2024.

	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,0	0,9	-0,3	1,2	0,4	3,3	1,9
Gasto en consumo final	1,5	1,4	0,6	1,4	0,4	3,6	2,1
Gasto final das Administracións Públicas	2,4	2,4	2,5	2,3	0,4	5,1	2,9
Gasto final sector privado	1,1	1,0	-0,1	1,0	0,4	3,0	1,6
Investimento (Formación Bruta de capital)	-0,7	-1,0	-0,8	-4,7	1,2	0,7	1,6
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	-2,1	-1,3	-3,4	-2,3	-1,1	1,6	0,2
Achega da demanda interna	1,0	0,8		0,0	0,6	2,8	
Exportacións bens e servizos	1,3	1,4	-1,1	1,1	-1,0	4,3	2,8
Importacións bens e servizos	1,3	1,2	0,3	-2,3	-0,6	3,4	3,1
Achega demanda externa	0,0	0,1		1,2	-0,2	0,5	

Fonte: Eurostat

cómpre salientar a contribución positiva do gasto en consumo final, tanto privado como público, así como das exportacións de bens e servizos, o que contrasta co investimento e as importacións, que detraen décimas ao crecemento agregado do PIB.

A pesar das dificultades da economía alemá, o PIB real da Unión Europea e a dos países da zona Euro atópase un 5,1% e 4,7% por riba do nivel precrise, sendo esta porcentaxe de tan só 0,1% no caso de Alemaña (tan só a Finlandia e Estonia, que aínda non acadaron o nivel precrise, presentan unha peor evolución). O PIB de España supera en 6,6 puntos porcentuais o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, sendo este diferencial de 8,5 puntos no caso de Países Baixos; 7 en Portugal; e 5,6 puntos en Italia. Asemade, Francia presentaba un PIB superior en 4 puntos ao estimado no último trimestre de 2019.

No devandito contexto europeo, dende o inicio da recuperación económica da crise orixinada pola pandemia a economía galega presenta taxas de variación interanuais superiores á media europea e do conxunto da zona euro. Por contra, o dinamismo da economía española é superior á estimada para Galicia. En concreto, no terceiro trimestre de 2024 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,8%, cinco décimas menos que a rexistrada en España (3,3%). En termos intertrimestrais, a economía galega e española presentan unha medra do 0,8%.

Tras esta evolución, o PIB galego atópase un 9,1% por riba do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria superándoo nun 6,6% no caso da economía española. En termos comparados cómpre resaltar que transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB de España situábase 7,8 puntos por baixo do nivel precrise, sendo o impacto da crise superior no

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2024. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

caso galego, situándose este diferencial en 10,2 puntos.

As recentes previsións económicas publicadas pola OCDE e o Banco Mundial estiman que a economía mundial pechará o ano 2024 cunha medra interanual do 3,2% e o PIB do conxunto de países da zona euro medrará un 0,8%. Entre as principais economías da zona euro o PIB alemá permanecerá constante aumentando en Francia un 1,1%, mantendo Italia un crecemento inferior ao 1% (0,5% segundo a OCDE e 0,7% segundo o Banco Mundial). España segue a ser unha das economías con maior taxa de crecemento; en concreto, a OCDE estima que a economía española medrará un 3%, unha décima por riba das previsións elaboradas polo Banco Mundial. Máis optimista é o Banco de España, que no mes de decembro de 2024 consideraba que o PIB para o conxunto do ano situaríase no 3,1%.

No concernente ás previsións da economía galega, o IGE publicaba no mes de outubro unha estimación de crecemento do PIB do 2,3% para o conxunto do ano, porcentaxe que aumenta ata o 2,5% segundo as estimacións publicadas no "informe sobre as previsións macroeconómicas do orzamento para 2025 de Galicia (Airef)".

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2019



(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).
Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

No terceiro trimestre de 2024 tanto a demanda externa como a interna presentan en Galicia e España unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB, se ben existen significativas diferenzas entras ambas economías. Mentres que en España, na Unión Europea e na zona euro a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento do PIB, na economía galega a achega da demanda externa é superior á interna.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda externa aporta no último trimestre 1,6 puntos ao crecemento agregado do PIB fronte aos 1,2 puntos porcentuais da demanda interna. En contraposición do acontecido en Galicia, o crecemento da economía española ven explicado fundamentalmente pola achega da demanda interna, con 2,8 puntos

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España



Fonte: IGE e INE

porcentuais, fronte aos 0,5 puntos no caso do sector exterior.

Entre os compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo final das administracións públicas segue a ser quen presenta o maior crecemento, cunha medra interanual do 4,9%, o que contrasta coa contracción, por segundo trimestre consecutivo, do gasto das familias (-0,2%). Asemade, o investimento medra un 1,6% respecto ao ano mesmo trimestre de 2023. Fronte a este comportamento, no conxunto de España o gasto en consumo final, impulsado polo dinamismo do consumo privado, presenta un mellor comportamento que en Galicia, o que contrasta coa estimación no caso do investimento medido en termos de formación bruta de capital. Cómpre resaltar o crecemento do gasto dos fogares nun 3% no conxunto do Estado, cando en Galicia se contrae dúas décimas, mentres que o investimento medra menos en España que en Galicia (1,2% vs 1,6%). Asemade, o gasto público medra en España un 5,1%.

Con todo, atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, os datos do último cadro macroeconómico, que recollen a "revisión estatística extraordinaria regular 2024", reflicte o

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2024. Taxas de variación interanual

%

	2019	2020	2021	2022	2023	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	2024/II	2024/III
Produto Interior Bruto	1,2	-8,4	8,4	4,5	2,2	3,6	1,5	1,8	2,0	2,5	2,5	2,8
Demanda												
Gasto en consumo final	-1,4	-7,7	6,1	3,3	2,5	2,1	2,6	3,3	1,9	1,6	0,5	1,2
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,4	-11,6	7,7	5,0	1,6	1,9	1,7	1,9	0,9	0,1	-0,9	-0,2
AA. Públicas	1,4	3,8	2,2	-1,2	4,9	2,6	5,0	7,4	4,6	5,8	4,3	4,9
Formación Bruta de Capital	1,0	-8,0	8,9	4,4	0,5	2,8	0,2	-0,8	-0,3	-0,5	0,6	1,6
Achega demanda interna ao PIB	-1,1	-7,7	6,6	3,4	2,1	2,2	2,1	2,5	1,5	1,2	0,5	1,2
Exportacións	2,0	-2,7	3,0	0,8	1,8	5,5	1,6	-2,0	2,3	1,6	6,7	4,3
Importacións	-2,2	-1,5	-0,3	-1,2	1,7	3,0	2,8	-0,8	1,6	-0,7	3,3	1,3
Achega demanda externa ao PIB	2,3	-0,7	1,8	1,1	0,1	1,4	-0,6	-0,7	0,5	1,3	2,0	1,6
Oferta												
Sector primario	6,3	-12,5	2,9	-5,0	-1,8	-1,7	0,4	0,1	-5,7	-3,6	-2,4	-2,8
Industria	-6,9	-13,0	16,7	3,5	2,7	8,1	0,6	-0,9	3,3	4,0	2,8	3,3
Industria manufactureira	-1,2	-13,0	20,0	6,8	0,8	4,0	-0,1	-1,8	1,1	0,3	-1,7	4,2
Construción	1,8	-11,6	-4,8	6,0	1,6	4,9	1,3	-0,4	0,7	1,7	3,5	3,5
Servizos	3,0	-6,0	8,3	5,9	2,7	3,0	2,1	3,1	2,6	2,9	3,1	3,3
Comercio, transporte e hostalería	2,3	-18,7	18,3	12,4	5,2	6,9	3,7	5,6	4,7	3,1	3,6	3,9
Información e comunicacións	3,9	1,0	3,5	9,4	-0,9	-5,4	-1,2	0,5	2,7	8,5	5,1	2,3
Actividades financeiras e de seguros	1,5	4,8	2,2	0,9	-0,7	-0,9	-0,9	2,1	-3,2	1,2	2,8	-2,3
Actividades inmobiliarias	1,5	1,4	1,8	3,0	1,7	2,2	2,1	1,6	0,9	1,6	2,3	2,2
Actividades profesionais	11,3	-1,5	10,9	7,0	3,1	3,0	2,5	3,8	3,2	3,3	3,4	2,4
Administración pública, sanidade e educación	2,4	0,9	4,6	-0,2	1,1	0,3	0,5	1,3	2,3	3,1	3,3	5,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,0	-12,4	5,9	9,8	4,1	6,3	5,0	3,3	1,9	1,1	0,3	-0,1

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no terceiro trimestre de 2024. Indicadores de demanda e oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, INE e Eurostat

mellor comportamento en Galicia do consumo privado e do investimento, a diferenza do que acontece no caso do gasto final das administracións públicas. En concreto, o gasto privado atópase un 3,3% por riba do nivel precrise (2,7% en España), e o investimento un 9,1% (1,2% no conxunto do Estado). Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas atópase neste terceiro trimestre do ano 16,8 puntos por riba fronte aos 19,8% en España.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no terceiro trimestre de 2024 a demanda externa contribúe positivamente ao crecemento agregado do PIB con 1,6 puntos porcentuais, influenciado por unha caída interanual do 4,3% das exportacións e do 1,3% no caso das importacións. Na econo-

mía española as exportacións presentan unha evolución similar mentres que as importacións medran case dous puntos por riba do estimado en Galicia (3,2%). Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia, a diferenza do que acontece en Galicia, as exportacións en España superan nun 11% o valor do cuarto trimestre de 2019 fronte a tan só un 1,2% en Galicia, o que contrasta co acontecido no caso das importacións, que medra en España un 9,1% mentres que na Comunidade Autónoma sitúanse neste último trimestre un 2,7% por baixo do estimado antes da crise orixinada pola pandemia.

Evolución do PIB real en Galicia e España 4º trimestre 2019-3º trimestre 2024: distribución segundo compoñentes da demanda.



Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas entre xullo e setembro de 2024 presenta unha medra do 4,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, o que contrasta co descenso do 6,8% experimentado no mesmo período do ano anterior. En termos nominais, as exportacións ascenderon a 7.341,9 millóns de euros, 296,3 millóns máis que en 2023. Esta medra ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado

polo sector de automóbiles e motos, cun incremento do 21,6% (204,4 millóns máis), das vendas de produtos enerxéticos, que aumentan un 84,5% (123,4 millóns máis) e o téxtil-confección, que aumenta un 8,1% (140,2 millóns). Por contra, cómpre resaltar a caída das vendas de bens de equipamento nun 22,2% en relación ao ano anterior, o que supón 286,8 millóns menos, descenso que ven impulsado pola redución das vendas de material de transporte nun 19,9% (119,9 millóns de euros menos). Tras esta evolución, no terceiro trimestre do ano as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan o 25,5% do valor total, fronte ao 18,8% do sector do automóbil e motos; e o 9,9% da pesca. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 8% acadado nos dous anos anteriores, sendo este peso relativo do 52,6% no caso da pesca ou do 38,9% no téxtil (12% no sector do automóbil). Atendendo á

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca no III trimestre 2010-2024.



Fonte: ICEX

desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 71% das exportacións, 1,6 puntos menos que no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 12% das vendas exteriores. África do norte, tras un incremento interanual do 13,6%, mantense como a terceira área comercial ao acoller o 5,5% das exportacións galegas, catro

Exportacións galegas no III trimestre 2023-24. Principais países e sectores económicos.



Fonte: ICEX

décimas máis que no ano precedente. Comparado co ano anterior, cómpre mencionar o incremento experimentado polas vendas aos países africanos (12,1%) e especialmente ao norte de África, cunha medra do 13,6% (48,7 millóns de euros máis); rexistrándose o maior incremento en termos absolutos as vendas á UE, cun 91,1 millóns máis (1,8%). Asemade, destaca o incremento do 34% das vendas aos países do próximo oriente (11,6 millóns máis), e do 4,3% a América do Norte (7,7 millóns. Por contra, rexístrase unha forte caída das exportacións cara aos países de Europa oriental (-72,2%; 62,5 millóns de euros menos); aos países da EFTA (-23,3%; -17,3 millóns); e África occidental (-24,9%; -4,8 millóns de euros).

No terceiro trimestre de 2024 Portugal adianta a Francia como principal destino das vendas galegas ao exterior, acollendo o 15,4% das exportacións, un punto máis que no ano precedente. A continuación sitúase Francia, cuxo peso relativo descende ata o 13,8% (18,7% no mesmo período do ano anterior), e Italia, cun 11,4%, punto e medio por riba do ano precedente. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, manténdose o Reino Unido en sexto lugar, ao acoller o 5,5% das exportacións (4,4% no ano anterior); ascendendo Marrocos á sétima posición, cun 4,3% (3,6% en 2023); e sendo Turquía o noveno destino ao concentrar o 4,3% (3,4% no ano precedente).

O devandito adianto de Portugal ven motivado fundamentalmente polo comportamento das exportacións de produtos encadrados no sector de automóbiles e motos (80,9%; 16,4 millóns de euros máis) e sobre todo polos materiais non ferrosos (282,9%; 93,6 millóns de euros máis). En Francia, por contra, o descenso do valor das exportacións nun 23,2% explícase en boa medida pola redución das exportacións de bens de equipamento (-65,6%; -253,6 millóns) e do sector de automóbiles (-39,8%; -116,4 millóns de euros menos).

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o saldo comercial positivo dos grandes sectores económicos, presentando o de manufacturas de consumo o superávit máis elevado, por diante de bens de equipamento e automóbil. Comparado co rexistrado no ano anterior, a redución do superávit do sector exterior galego (-182 millóns de euros; 19,5%) ven motivado pola redución do superávit no subsector de bens de equipamento (-244,4 millóns; -60,8%), e, en menor medida, da automoción (-12,8%) e das manufacturas de consumo (-4,9%).

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que venden os seus produtos fóra de España. Entre xullo e setembro de 2024 exportan regularmente en Galicia un total de 2.760 empresas, un 4,3% máis que no ano anterior, o que supón o 47,4% das empresas exportadoras (44,2% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran case o 83% do valor total das exportacións galegas, nivel similar ao estimado no conxunto do ano 2023 (96,1% en España).

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Dunha banda, nos dez primeiros meses do ano as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 30,3% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 38,2% no caso das dez primeiras empresas (29,8% e 37,5% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,8% e 14,5%, respectivamente). A pesar do seu elevado nivel de concentración, estas porcentaxes son inferiores ás rexistradas tanto antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) como antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA

O crecemento do 2,8% do PIB galego no terceiro trimestre de 2024 ven explicado polo crecemento do 3,5% estimado para o sector da construción e do 3,3% da industria e os servizos, o que contrasta cunha nova contracción no sector primario galego (-2,8%). Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas, especialmente significativa no sector primario.

O sector da construción presenta no terceiro trimestre do ano a taxa de variación interanual máis elevada en Galicia, cunha medra do 3,5%, máis dun punto superior ao estimado en España (2,4%). Por contra, o incremento da industria no seu conxunto, e da industria manufactureira en particular, é inferior en Galicia que no conxunto do Estado; en concreto, o sector industrial medra un 3,3% en Galicia fronte ao 4% en España, en tanto que a industria manufactureira o fai nun 4,2%, dúas décimas menos que no Estado.

Doutra banda, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos foi do 3,3%, dúas décimas por baixo do estimado no conxunto de España. Entre os distintos subsectores, as ramas de actividade con maior crecemento en Galicia son a administración pública, sanidade e servizos sociais, cun 5,6%, e o comercio, transporte e hostalería, cun 3,9%; e en ambos os dous casos o seu crecemento é superior ao do conxunto do Estado (3,7% e 3,3%, respectivamente). Por contra, a produción nas actividades financeiras e nas artísticas e recreativas contráese no último trimestre tanto en Galicia como en España, situándose as taxas de variación interanuais en Galicia no -2,3% e -0,1%, respectivamente (-0,2% e -0,8% en España).

No concernente ao sector primario, por cuarto trimestre consecutivo o valor engadido bruto presenta unha contracción da súa actividade, situándose no terceiro trimestre de 2024 no -2,8%, o que contrasta co significativo incremento do Estado (8,3%).

Transcorridos case cinco anos dende o comezo da crise económica orixinada pola pandemia, a maior intensidade na recuperación da actividade económica na Comunidade Autónoma que no conxunto do Estado ven explicada polo comportamento do sector industrial e os servizos. En termos reais, o veb xerado polo sector terciario en Galicia é un 14,2% superior ao estimado para o derradeiro trimestre de 2019, case catro puntos por riba do estimado en España (10,4%). Entre as distintas actividades do sector servizos cómpre resaltar que o veb das actividades de comercio, transporte e hostalería é un 18,5% superior e o xerado polas acti-

vidades profesionais e pola administración pública, sanidade e educación, un 21,2% e 11,4%, respectivamente. Estas tres actividades presentan unha menor recuperación en España, situándose o veb xerado polas actividades comerciais, transporte e hostalería e pola administración pública, sanidade e educación en torno ao 6,5% por riba do estimado para o cuarto trimestre de 2019, fronte a unha medra da produción do 16,7% no caso das actividades profesionais.

Por contra, tanto o sector primario como a construción presentan en Galicia e España niveis inferiores aos estimados no cuarto trimestre de 2019, sendo esta caída moito máis acusada na economía galega. En termos reais, o veb xerado polo sector primario redúcese en Galicia un 17,1% fronte a tan só un 4,7% na economía española; en tanto que o sector da construción o fixo nun 5,3% fronte ao 4,4% en España.

Evolución da actividade económica en Galicia e España 4º trimestre 2019-3º trimestre 2024: distribución segundo principais sectores



Fonte: IGE e INE

O sector industrial no seu conxunto, incluídas as actividades extractivas e o sector enerxético presenta unha medra do 10,6% entre os dous trimestres considerados, en tanto que no conxunto de España este incremento é de tan só seis décimas. Cómpre resaltar que a industria manufactureira presenta tamén un maior dinamismo que en España, aumentando un 13,8% dende derradeiro trimestre de 2019 fronte ao 10% en España.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar o incremento do peso relativo do o subsector de comercio, transporte e hostalería, que no terceiro trimestre do ano concentra o 23,5% do veb galego, tres décimas por riba do estimado no ano anterior (21,7% no mesmo período de 2019). A importan-

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

cia relativa da administración pública, sanidade e educación ascende ata o 18,6%, o que supón un nivel lixeiramente inferior ao estimado no terceiro trimestre de 2019 (18,9%).

Asemade, cómpre mencionar o descenso do peso da industria manufactureira, que se sitúa no 12,2%, unha décima inferior á estimada no ano anterior e case un punto inferior á do terceiro trimestre de 2019 e lonxe do 14,4% acadado en 2008. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 6,7%, unha décima máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,8% e 12,3%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 4,2% do valor engadido xerado pola economía galega, dúas décimas inferior ao estimado no ano anterior.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo equivalentes a tempo completo. O devandito incremento interanual do PIB do 2,8% no terceiro trimestre do ano trasládase ao mercado de traballo quen presenta unha medra inferior tanto do número de horas (0,2%) como de postos de traballo equivalente (0,7%).

Tras esta evolución, Galicia presenta un incremento da competitividade real en ambos os dous casos, situándose no 2,6% se se mide en termos de horas efectivamente traballadas e no 2,1% en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo. No conxunto de España, a competitividade medida en termos de horas traballadas medra un 2,4%, mellorando no caso de postos de traballo equivalente a tempo completo un 1,4%.

Se se considera o PIB en termos monetarios, a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á da economía española en termos de horas de traballo como en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. En concreto, sitúase un 4,3% por baixo se se mide en relación ao número de horas traballadas e un 3,5% por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. Con todo, en ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española redúcese significativamente en relación ao ano 2019.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade, no terceiro trimestre de 2024 tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á media española se esta se mide en termos de horas traballadas

Produtividade aparente do factor traballo no III trimestre 2024. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	0,2%	2,6%	3,3%	0,9%	2,4%
Sector primario	-2,8%	-2,3%	-0,5%	8,3%	-0,3%	8,6%
Industria	3,3%	-0,2%	3,5%	4,0%	-0,8%	4,8%
Industria manufactureira	4,2%	-0,1%	4,3%	4,4%	-1,5%	5,9%
Construción	3,5%	1,7%	1,8%	2,4%	5,8%	-3,4%
Servizos	3,3%	0,3%	3,0%	3,5%	0,7%	2,8%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,8%	0,7%	2,1%	3,3%	1,9%	1,4%
Sector primario	-2,8%	-0,5%	-2,3%	8,3%	1,9%	6,4%
Industria	3,3%	0,6%	2,7%	4,0%	2,7%	1,3%
Industria manufactureira	4,2%	0,9%	3,3%	4,4%	1,8%	2,6%
Construción	3,5%	0,4%	3,1%	2,4%	4,2%	-1,8%
Servizos	3,3%	0,9%	2,4%	3,5%	1,6%	1,9%

Fonte: IGE e INE

(4,2%), situándose moi próxima á media estatal no caso da construción e os servizos se se mide en relación aos postos de traballo equivalente e (tan só 1,3 puntos por baixo en termos de horas traballadas).

Por contra, a forte contracción da actividade no sector primario en Galicia e o incremento no conxunto de España explica en boa medida o descenso da produtividade aparente, que no terceiro trimestre do ano se sitúa un 21,6% por baixo da media estatal atendendo ao cociente entre o PIB e os postos de traballo equivalente a tempo completo e un 24,6% por baixo en termos de horas. De igual forma, o sector industrial presenta unha produtividade moi por baixo da media española, ao supoñer o 78,7% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 82,6% no caso das horas traballadas. En ambos os dous casos este indicador é inferior aos valores acadados en 2019.

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)



Fonte: IGE e INE

COMPETITIVIDADE REXIONAL 2023. ANÁLISE COMPARADA

Ao longo do ano 2023 a competitividade estrutural das CC.AA. aumentou de xeito substancial, cunha medra do 5,6% en promedio ponderado das 17 CC.AA., o que supón o segundo máis elevado de toda a serie analizada (2008-2023). Isto ven xustificado pola favorable dinámica do PIB e o mercado de traballo ao longo dese ano, xunto co dinamismo do sector empresarial e o aumento das empresas exportadoras, o comportamento do sector turístico, ou o importante crecemento do gasto público, entre outros factores. O valor do Índice de Competitividad Rexional (ICERG) reflicte que Galicia presenta unha medra da competitividade en torno ao 6% en relación á primeira estimación do ano anterior, situándose o seu valor en 9,23.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económi-

Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2023



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2024

co, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora. Tal e como se aprecia no primeiro mapa, a Comunidade de Madrid, xunto co País Vasco e Navarra conforman o grupo competitivo relativo alto, manténdose sólido o denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Con todo, neste espazo Madrid se distancia de País Vasco e Navarra por mor do seu maior dinamismo. Pola súa banda, Galicia mantén a oitava posición respecto ao resto das CC.AA., encadrándose no grupo de comunidades cun nivel medio-baixo.

O informe sinala que nun contexto de recobrada confianza e de favorables expectativas, non exentas de incertezas, Canarias, Baleares, Andalucía e Asturias son as CCAA onde o crecemento do ICREG foi máis intenso en 2023, situándose Galicia entre aquelas con crecemento en torno á media estatal. Por contra, Estremadura, Castela e León, Castela-A Mancha, Navarra, País Vasco e A Rioxa.

Evolución anual do Índice de Competitividade Rexional 2023



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2024

A pesar de que Galicia presenta un nivel de competitividade relativo medio baixo, o entorno institucional (eixo 4) segue a rexistrar un nivel alto en contraposición novamente co acontecido coas infraestruturas básicas (eixo 5) e a eficiencia empresarial (eixo 6). En termos dinámicos, Galicia presenta un crecemento similar á media española, se ben é superior á media nos eixos relativos ás infraestruturas básicas (eixo 5) e innovación (eixo 6); presentando o capital humano e a eficiencia empresarial un dinamismo inferior á media.

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á variación do PIB en volume (eixo 1); taxa de paro de longa duración, taxa de paro xuvenil e temporalidade (eixo 2); abandono escolar temperá (eixo 3); delitos e desigualdade S80/S20 (eixo 4); accesos instalados e tráfico aéreo (eixo 5); dinamismo empresarial (eixo 6); investigadores e gasto en I+D (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden á poboación con educación superior (eixo 3); poboación con problemas de contaminación (eixo 5); mulleres empregadoras (eixo 6) e patentes (eixo 7).

Nivel competitivo de Galicia 2023 e evolución 2022-23. Distribución segundo eixos

	2023		2023/2022
	Ranking	Nivel competitivo	Dinamismo relativo
Eixo 1.- Entorno económico	9	MEDIO BAIXO	INFERIOR Á MEDIA
Eixo 2.- Mercado de traballo	10	MEDIO ALTO	NA MEDIA
Eixo 3.- Capital humano	7	MEDIO ALTO	INFERIOR Á MEDIA
Eixo 4.- Entorno institucional	6	ALTO	NA MEDIA
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	14	BAIXO	SUPERIOR Á MEDIA
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	BAIXO	INFERIOR Á MEDIA
Eixo 7.- Innovación	6	MEDIO BAIXO	SUPERIOR Á MEDIA
Galicia	8	MEDIO BAIXO	NA MEDIA

O MERCADO DE TRABALLO NO III TRIMESTRE DE 2024
Datos agregados positivos

O maior dinamismo da actividade económica no terceiro trimestre do ano non se traslada na mesma intensidade ao mercado de traballo, quen presenta unha significativa ralentización nos catro indicadores da ocupación. En termos agregados aumenta lixeiramente a participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego), situándose a taxa de paro por baixo do 9% por primeira vez dende o ano 2008. Asemade, mellora a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade.

O balance global positivo viría determinado polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado, aumentando o emprego a xornada completa. Asemade, cómpre resaltar que a creación de emprego prodúcese maioritariamente entre as mulleres, así como o comportamento do sector industrial. Xunto a isto, mellora a situación dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en paro así como do número de fogares sen preceptores de ingresos. No que ao desemprego se refire, cómpre mencionar o significativo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-18,3%).

Con todo, estes datos teñen de ser matizados unha vez máis tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que o mercado laboral no conxunto de España presenta un maior dinamismo que en Galicia. Asemade, hai que mencionar novamente a significativa a ralentización na creación de emprego.

A taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade, indicadores básicos do mercado laboral, permiten realizar unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo e a súa comparación co resto das CC.AA. Dunha banda, Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose por contra como a sexta comunidade con menor taxa de paro. Doutra banda, xunto a estes datos hai que resaltar que a taxa de temporalidade en Galicia sitúase nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA..

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos ascende no último trimestre ata o 53,6%, case cin-

co puntos e medio por baixo do estimado no conxunto do Estado (59,0%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia novamente como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 51,9%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 49,8% e 57,7%, respectivamente, ascendendo o diferencial ata os 7,9 puntos porcentuais (8,6 no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (10,2 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,1% e a masculina ata o 64,3%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 48,9%, cinco décimas superior á do ano anterior, reducíndose lixeiramente o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,6 puntos fronte aos 3,8 do ano anterior (en España a taxa ascende ata o 52,4%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (47,1%), Estremadura (47,6%) e Andalucía (47,9%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52,8% fronte ao 45,3% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 7,5 puntos, fronte aos 10,6 puntos en España (57,9% e 47,3%, respectivamente).

A taxa de paro galega ascende no último trimestre ata o 8,8%, seis décimas menos que no ano anterior, o que a sitúa a Galicia como a sexta C.A. con menor desemprego aínda que lonxe do rexistrado en Baleares (6,2%), Cantabria (7,2%), País Vas-

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no III trimestre 2024

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,6%	59,0%	Baleares (67,2%) Madrid (63,1%) Cataluña (62,0%) Murcia (60,3%)	Asturias (51,9%) Galicia (53,6%) Estremadura (55,3%) Castela e León (55,3%)
Taxa de ocupación	48,9%	52,4%	Baleares (63,0%) Madrid (57,0%) Cataluña (56,5%) Navarra (54,8%)	Asturias (47,1%) Estremadura (47,6%) Andalucía (47,9%) Galicia (48,9%)
Taxa de paro	8,8%	11,2%	Baleares (6,2%) Cantabria (7,2%) País Vasco (7,6%) Navarra (7,7%)	Andalucía (16,1%) Canarias (14,4%) Estremadura (13,8%) C. Valenciana (13,0%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	23,7%	26,9%	Cantabria (16,8%) Baleares (18,6%) Navarra (22,2%) C. Valenciana (22,9%) Cataluña (23,3%) **Galicia (23,7%)**	Andalucía (35,6%) A Rioxa (33,5%) Estremadura (33,0%) Canarias (32,0%)
Taxa de temporalidade	17,3%	16,4%	Baleares (11,4%) Madrid (12,2%) Cataluña (12,6%) Canarias (15,3%)	Estremadura (23,9%) Andalucía (21,0%) País Vasco (19,8%) Castela A Mancha (19,7%)

Fonte: INE

co (7,6%) e Navarra (7,7%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 11,2%, sete décimas menos que en 2023. O diferencial entre as taxas de Galicia e España redúcese ata os 2,4 puntos porcentuais, o que supón o unha décima menos que no ano anterior (no terceiro trimestre de 2020 e 2021 este diferencial situábase en torno aos 4,5 puntos). A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. agás País Vasco e A Rioxa, situándose en Galicia no 9,2% e 8,6%, respectivamente, fronte aos 12,5% e 10% en España.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2020-2024

miles de persoas	2020	2021	2022	2023	2024		
	III Trimestre						
	III	III	III	III	I	II	III
Poboación maior de 16 anos	2.339,0	2.343,8	2.351,2	2.360,6	2.368,0	2.368,1	2.373,5
Poboación activa	1.227,4	1.241,0	1.249,2	1.262,0	1.259,3	1.255,4	1.271,9
25 - 34 anos	210,5	210,1	209,3	214,9	213,3	211,0	211,4
Poboación ocupada	1.082,6	1.115,0	1.113,0	1.143,3	1.127,7	1.135,6	1.159,4
Conta propia	201,7	209,9	206,7	206,1	208,5	212,6	210,6
Conta allea	880,6	904,3	905,8	937,2	919,2	923,0	948,8
Outra situación	0,3	0,8	0,5		-	-	-
Poboación parada	144,8	126,0	136,2	118,7	131,6	119,8	112,5
Parado longa duración	53,7	50,2	49,9	40,9	43,1	40,4	35,6
Poboación inactiva	1.111,6	1.102,8	1.102,0	1.098,6	1.108,7	1.112,7	1.101,6
Taxa de actividade	52,5%	52,9%	53,1%	53,5%	53,2%	53,0%	53,6%
Taxa de ocupación	46,3%	47,6%	47,3%	48,4%	47,6%	48,0%	48,8%
Taxa de paro	11,8%	10,2%	10,9%	9,4%	10,5%	9,5%	8,8%
Taxa de temporalidade	24,6%	26,0%	18,9%	17,6%	15,3%	15,2%	17,3%
Afiliacións (media trimestral)	1.005,0	1.030,9	1.045,1	1069,3	1.055,0	1.075,9	1.085,7
Paro rexistrado (media trimestral)	176,3	152,1	142,0	128,6	130,2	122,1	119,2

Fonte: IGE

Poboación activa

A poboación activa estimada pola EPA ascende no terceiro trimestre do ano a 1.271.900 persoas, 9.900 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 0,8%, dúas décimas inferior á do conxunto do Estado (1,0%). A diferenza do acontecido no ano anterior o devandito incremento ven motivado polo comportamento da actividade entre as mulleres, con 7.900 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (1,3%), fronte ao incremento en 2.000 persoas no caso dos homes (0,3%). En España a poboación activa medra en ambos os dous casos por undécimo trimestre consecutivo, situándose as taxas de variación interanual no 1,1% entre os homes e no 0,8% no caso das mulleres.

Asemade, o devandito incremento da poboación activa estímase tanto entre

Poboación activa, ocupada e parada 2022-24: distribución segundo sexos



Fonte: IGE.

as persoas de nacionalidade española como en maior medida, poboación estranxeira. En concreto, a poboación estranxeira medra en 7.600 persoas (8,5%) fronte ao incremento do 0,2% entre as persoas españolas (2.300 máis). Atendendo á distribución segundo nivel de estudios e idade, a evolución é desigual entre os distintos grupos. Dunha banda, cómpre mencionar o incremento entre a poboación máis nova e as persoas maiores de 45 anos, cunha medra interanual do 2,7% (1.900 persoas) e 3,6% (23.400 persoas) respectivamente. Atendendo ao seu nivel formativo, cómpre mencionar o incremento nun 5,2% (2.000 persoas) entre as que posúen estudios primarios ou menos, así como entre aquelas persoas con estudos superiores e coa ESO segunda etapa (3,8% e 2,2%, respectivamente).

Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito importante entre aqueles con estudos de ESO primeira etapa (19.800 persoas menos que no terceiro trimestre do ano anterior; 5,5%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (11.800 persoas menos; 3,7%). Asemade, descende un 1,7% a poboación activa de 25 a 34 anos, o que supón 3.600 persoas menos.

Poboación activa III trimestre de 2024. Variación interanual



Fonte: IGE.

Ocupación

O maior dinamismo da economía galega e española no terceiro trimestre en relación ao ano anterior non se traslada directamente ao mercado de traballo tendo en conta a ralentización no ritmo de crecemento dos catro indicadores da ocupación considerados. En Galicia, tras un incremento interanual do PIB do 2,8%, as afiliacións á Seguridade Social é o indicador que reflicte un mellor comportamento do mercado laboral, cunha medra do 1,5%, oito décimas menos que no ano precedente, situándose esta porcentaxe no 1,4% no caso da poboación ocupada estimada pola EPA (2,7% no mesmo período do ano anterior). Asemade, as contas económicas reflicten a devandita ralentización no ritmo de crecemento do emprego, máis acusada no caso dos postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha medra un 0,7% fronte o 2,2% rexistrado no ano anterior; que no caso das horas traballadas (0,2% fronte aos 1,4% de 2023). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento que en Galicia, aumentando as afiliacións un 2,5%, o número postos de traballo equivalente a tempo completo un 1,9%, a poboación ocupada un 1,8% e as horas traballadas un 0,9%.

No concernente ás afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social, no terceiro trimestre rexistráronse un total de 1.085.696 persoas afiliadas, o que supón en torno ás 16.450 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,5%, un punto por baixo do rexistrado en España. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento afecta en maior medida ao emprego feminino, situándose na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 1,8% (9.406 afiliacións máis) fronte ao 1,3% entre os homes (7.029 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 2,8% e 2,1%, respectivamente.

No que se refire á análise da poboación ocupada, o emprego medrou en Galicia en 16.100 persoas en relación ao ano anterior, ascendendo o número de persoas ocupadas ata as 1.159.400 persoas. Isto reflicte unha taxa de variación interanual do 1,4% fronte ao 2,7% no mesmo período do ano precedente. O devandito incremento en Galicia prodúcese fundamentalmente entre as mulleres, aumentando a ocupación en 14.400 persoas (2,6%) fronte a tan só 1.700 persoas entre os homes (0,3%). Se ben o mercado laboral español presenta un mellor comportamento que o galego, as mulleres presentan en Galicia un maior dinamismo ao medrar un 2,6% fronte ao 2,1% no conxunto do Estado, o que contrasta cunha medra da ocupación entre os homes do 1,4% en España fronte ao devandito 0,3% na Comunidade Autónoma.

Tras esta evolución a taxa de ocupación sitúase en Galicia no 52,8% no

caso dos homes, sete puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (45,3%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 57,8% e 47,3%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., tan só Asturias presenta unha taxa inferior á galega no caso dos homes, manténdose como a sexta C.A. coa taxa más reducida tras Andalucía, Estremadura, Asturias, Castela A Mancha e Castela e León no caso do emprego feminino.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, o mercado de traballo presenta un balance global positivo atendendo ao feito de que todo o emprego creado

Poboación ocupada en Galicia III trimestre 2024: distribución, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 24/23 (%)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.159,4	597,7	561,7	1,4	0,3	2,6
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	210,6	120,3	90,3	2,2	-3,8	11,3
Empregador	63,4	38,8	24,6	4,3	-1,5	15,0
Empresarios sen asalariados	143,7	80,0	63,7	1,2	-4,1	8,7
Membros cooperativas	0,5	0,3	0,2	-54,5	-25,0	
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,9	1,1	1,8	26,1	-35,3	260,0
Asalariados	948,8	477,4	471,4	1,2	1,4	1,1
Sector público	192,4	73,2	119,2	-1,5	-9,0	3,7
Sector privado	756,4	404,3	352,1	2,0	3,5	0,2
Grupos de idade				-	-	-
16-19 anos	7,3	4,8	2,5	-3,9	-9,4	8,7
20-24 anos	47,7	26,2	21,6	5,8	5,6	5,9
25-34 anos	187,1	95,0	92,1	-0,8	-2,3	0,7
35-44 anos	286,8	147,9	138,9	-2,3	-3,5	-1,0
45-54 anos	362,5	187,2	175,4	3,9	3,6	4,2
55 e máis anos	268,0	136,7	131,3	3,3	1,4	5,5
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	1,9	0,9	1,0	-17,4	-30,8	-
Educación primaria	32,1	20,7	11,4	8,4	15,6	-2,6
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	299,6	181,4	118,2	-7,1	-6,4	-8,2
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	136,5	70,5	66,0	-2,6	-12,2	10,2
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	148,1	87,2	61,0	11,6	24,4	-2,6
Educación superior	541,3	237,2	304,1	4,9	2,0	7,3

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

é emprego indefinido e no sector privado, aumentando o emprego a xornada completa. Asemade, cómpre resaltar o incremento do emprego no sector industrial así como a mellora da posición dos fogares ao aumentar o número de fogares onde todas as persoas activas son ocupadas e reducirse tanto aqueles onde todas as persoas activas están en paro como o de fogares sen preceptores de ingresos. Por contra, ralentízase a creación de emprego tanto en Galicia como en España a pesar da evolución do PIB, presentando novamente o mercado de traballo galego un menor dinamismo que no conxunto do Estado así como moi reducidas taxas de actividade e ocupación.

Atendendo ao nivel formativo das persoas ocupadas, o incremento máis importante en termos absolutos prodúcese entre as persoas de maior nivel formativo, aumentando en 25.200 entre os que teñen educación superior e en 15.400 persoas entre aqueles coa segunda etapa da ESO (orientación profesional) rematada. Con todo, en termos relativos, cómpre resaltar o incremento do 8,4% experimentado entre as persoas coa educación primaria (2.500 persoas). Fronte a este comportamento, o mercado de traballo galego presenta unha destrución de emprego entre as persoas coa primeira etapa da

Poboación ocupada III trimestre de 2024: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2024 (en miles de persoas)			24/23 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.159,4	597,7	561,7	1,4%	0,3%	2,6%
Sector Primario	74,8	46,6	28,2	-2,3%	-11,1%	16,5%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	56,9	32,7	24,3	2,5%	-9,9%	26,6%
Pesca e acuicltura	17,8	13,9	3,9	-15,6%	-13,7%	-22,0%
Industria	190,9	135,4	55,5	13,1%	13,1%	13,0%
Industrias extractivas	4,8	4,2	0,6	17,1%	20,0%	-14,3%
Industria manufactureira	173,1	122,0	51,1	9,4%	9,3%	9,7%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	13,0	9,2	3,7	100,0%	100,0%	105,6%
Construción	83,1	76,5	6,6	5,2%	5,8%	0,0%
Servizos	810,7	339,2	471,4	-1,0%	-3,5%	0,8%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos motor e motocicletas	173,1	82,6	90,6	0,6%	3,6%	-1,8%
Transporte e almacenamento	60,0	45,5	14,5	3,8%	1,3%	12,4%
Hostalaria	76,7	27,0	49,7	-9,9%	-23,3%	-0,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	171,8	84,7	87,1	4,0%	1,8%	6,2%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	64,2	35,9	28,3	-4,9%	-6,8%	-2,4%
Educación	74,0	21,3	52,7	-2,2%	-11,3%	1,9%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	112,2	19,7	92,5	3,3%	-1,5%	4,4%
Resto de servizos	78,6	22,6	56,0	-9,8%	-13,4%	-8,3%

Fonte: IGE

ESO (22.900 persoas menos; -7,1%) e con estudos primarios (-2,6%; 3.700 persoas menos). No que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación entre as persoas cunha idade comprendida entre 20-24 anos (5,8%, 2.600 persoas) e o experimentado entre os maiores de 45 anos (3,6%; 22.100 persoas ocupadas máis), o que contrasta coa destrución de emprego entre as persoas cunha idade comprendida entre 35-44 anos, con 6.800 empregos menos (-2,3%), entre 25-34 anos (1.600 persoas; 0,8%) e os máis novos, cunha redución da ocupación do 3,9% (300 persoas menos).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, o mercado laboral en Galicia caracterizouse no terceiro trimestre por unha medra tanto das persoas traballadoras por conta propia (4.500 persoas; 2,2%), como das persoas asalariadas (1,2%; 11.600 persoas máis). Isto contrasta co comportamento no conxunto de España onde o emprego creado é emprego por conta allea.

No concernente ao emprego por conta propia, o devandito incremento ven explicado polo comportamento das mulleres empresarias, tanto empregadoras como sen asalariados ou traballadores independentes, que presentan unha medra interanual do 15% (3.200 persoas) e 8,7% (5.100 mulleres máis), respectivamente. Por contra, descende un 4,1% o número de homes empresarios sen asalariados (3.400 persoas) e nun 1,5% o de empresarios empregadores (600 persoas menos).

No que atinxe ao emprego asalariado, o devandito incremento ven motivado polo emprego no ámbito privado, fundamentalmente entre os homes, reducíndose o emprego no sector público. Dunha banda, a ocupación no sector privado aumenta en 13.700 persoas entre os homes (3,5%) fronte ás 800 persoas entre as mulleres (0,2%). No sector público, a caída da ocupación en 2.900 persoas explícase polo descenso estimado entre os homes, con 7.200 ocupados menos (9%), aumentando por contra en 4.300 persoas a ocupación entre as mulleres (3,7%).

No que atinxe á distribución sectorial, o incremento da poboación ocupada ven explicado fundamentalmente polo comportamento do sector industrial, en maior medida pola actividade manufactureira, e pola construción, o que contrasta coa redución do emprego no sector primario e nos servizos. Dunha banda, o emprego industrial medra en 22.100 persoas (13,1%) impulsado pola creación de emprego nas ramas manufactureiras, cunha medra interanual de 14.900 persoas (9,4%), en tanto que a ocupación na construción medra en 4.100 persoas (5,2%). Entre as actividades englobadas na actividade manufactureira cómpre resaltar as de material de transporte, cunha medra de 8.300 persoas (24,9%), así como da metalurxia e produtos metálicos, con 3.100 (8,8%) e da alimentación, con 2.600 persoas ocupadas máis (6,1%). O sector da enerxía duplica a súa ocu-

Estrutura da ocupación en Galicia III trimestre de 2019 e 2024. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

pación, con 6.500 persoas traballadoras máis. Fronte a este incremento, o sector servizos sofre unha redución da ocupación de 8.300 persoas (1%) impulsado fundamentalmente pola destrución de emprego na hostalería, con 8.400 persoas menos (9,9%), na administración pública, con 3.300 menos (4,9%), e na educación, con 1.700 menos (2,2%). Por contra, as actividades de información e comunicacións presentan unha medra de 6.700 persoas (22,3%), sendo este incremento de 3.600 persoas no caso das actividades sanitarias e de servizos sociais (3,3%) e de 1.100 no do comercio (0,6%). Por último, do descenso no sector primario (1.800 persoas; -2,3%) ven explicado pola evolución na pesca, con 3.300 persoas traballadoras menos que no ano anterior (15,6%), o que contrasta coa mera estimada no sector agrogandeiro e forestal, con 1.400 ocupados máis (2,5%).

Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 69,9% da poboación ocupada en Galicia (810.700 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,9% (173.100 persoas ocupadas). O sector da construción concentra o 7,2% da poboación ocupada total en Galicia (83.100 persoas) e as actividades do sector primario o 6,5% (74.800 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 14,9% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,7%, e a educación, co 6,4%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade. Dunha banda, aumenta o peso relativo da construción e a educación en medio punto porcentual entre as dúas datas consideradas; doutra banda, descende catro décimas a importancia relativa do conxunto do sector servizos, entre as que salienta a caída do peso da hostalería (1,3 puntos menos) e da administración pública e defensa, seguridade social obrigatoria (sete décimas menos), descendendo en medio punto porcentual o peso relativo da industria manufactureira.

Estrutura da ocupación en Galicia III trimestre de 2024. Distribución porcentual da ocupación segundo sexo



Fonte: IGE.

Por último, no que aos perfís da ocupación segundo sexo e rama de actividade cómpre resaltar que a construción e a industria son sectores altamente masculinizados, onde as mulleres representan tan só o 7,9% e 29,1% da poboación ocupada neses sectores (48,4% no conxunto de Galicia). Entre as distintas ramas de actividade, mentres que na industria extractiva e na industria de fabricación de material de transporte o emprego feminino é de tan só o 12,5%, ou na metalurxia o 16,2%, na industria téxtil a ocupación feminina representa o 85,7%, situándose no 46,5% na industria de alimentación. Por contra, no sector servizos predomina o emprego feminino (58,1%), o seu peso relativo oscila entre o 82,4% das actividades sanitarias e servizos sociais ou o 71,2% na educación e o 24,2% do transporte ou o 28,3% das actividades de información e comunicacións.

Calidade do emprego

No terceiro trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. Entre xullo e setembro de 2024 Galicia presenta unha medra interanual do 1,9% das persoas asalariadas con contrato indefinido (14.600 persoas) e un descenso do 1,8% entre aquelas persoas con contrato temporal (-3.000 persoas). Atendendo a este indicador, a calidade do mercado de traballo en España presenta unha mellor evolución, aumentando o emprego asalariado con contrato indefinido un 3,5% respecto ao ano anterior e descendendo un 3,4% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que o emprego indefinido medra en Galicia tanto entre os homes como, en menor medida, entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido medra un 3% respecto ao ano anterior (11.900 persoas), fronte a un 0,7% entre as mulleres (2.700 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un mellor comportamento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 3,6% entre as mulleres e no 3,4% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tan só entre os homes; en concreto, o emprego temporal redúcese un 7,9% entre os homes (5.500 persoas) fronte á medra do 2,6% entre as mulleres (2.500 persoas). O mercado laboral en España presenta igualmente unha caída dos contratos temporais entre os homes (-7,5%) permanecendo estable entre as mulleres.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 17,3%, case un punto superior á rexistrada no conxunto de España (16,4%), porcentaxe que sitúa a Galicia nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA., aínda que lonxe do estimado para Baleares (11,4%) ou Madrid

(12,2%). Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 21,3% fronte ao 13,4% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 19,1% no caso das mulleres e o 13,9% no dos homes. Xunto á devandita redución da temporalidade en relación ao ano anterior, cómpre resaltar o incremento do diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 7,9 puntos fronte aos 6,2 do terceiro trimestre do ano precedente (5,2 e 4,3 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tan só no ámbito público, cunha caída interanual do 5,8% (3.800 persoas menos), aumentando por contra nun 0,8% no sector privado (800 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese en ambos os dous casos, sendo do 3,8% no sector público e do 3,2% no privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 32%, máis de dezaoito puntos por riba do estimado para o sector privado (13,6%), situándose no conxunto do Estado en 28,6% e 13,6%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, o emprego a tempo completo aumenta un 3% respecto ao ano anterior (29.900 persoas), reducíndose a ocupación a xornada a tempo parcial un 8,8% (13.800 persoas menos). Por contra, no conxunto do Estado aumenta novamente tanto a ocupación a xornada a tempo completo como parcial, presentando esta última unha maior taxa de crecemento (1,5% e 3,9%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte o descenso da xornada a tempo parcial en ambos os dous casos, producíndose en maior medida entre os homes (-14,6%; 6.400 persoas menos) que entre as mulleres (-6,6%; 7.500 persoas). Ao mesmo tempo, o incremento do número de persoas ocupadas a xornada a tempo completa prodúcese maioritariamente entre as mulleres, cunha medra do 5% (21.800 ocupadas máis) fronte a un 1,5% no caso dos homes (8.100 persoas). Tras esta evolución, o 74% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, case dous puntos superior ao estimado no ano anterior (72,2%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo aumenta ata o 44,8% (44% no mesmo período de 2023).

Atendendo ás causas da parcialidade cómpre resaltar o positivo descenso rexistrado entre aquelas persoas que non poden atopar un traballo a tempo completo, que no terceiro trimestre do ano representaba o 42,1% do total (47,7% no ano precedente), a porcentaxe máis reducida dende o inicio da

crise orixinada pola pandemia (53,7%). A segunda causa de parcialidade é o coidado de nenos ou adultos, enfermos ou maiores, que representa o 19,8%, case catro puntos superior ao estimado en 2023 (16,1%), existindo unha acusada diferencia entre mulleres e homes, xa que esta causa supón o 25% entre as mulleres fronte ao 5,1% entre os homes (20,1% e 6,2% no ano precedente).

Por último, se se considera tan só o emprego asalariado indefinido, case oito de cada dez persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres (78%), oito décimas superior ao estimado no terceiro trimestre do ano anterior; en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo descende ata o 43,4% (43,7% no mesmo período de 2023). Asemade, o 18,5% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 4,7% estimado entre os homes (20,2% e 5,5% no ano precedente, respectivamente).

Desemprego

A poboación parada en Galicia descende no terceiro trimestre un 5,2% para situarse en 112.500 persoas, 6.200 menos respecto ao ano anterior. Esta caída rexístrase tan só entre mulleres, cunha redución interanual do 10,3% (6.500 paradas menos), aumentando por contra entre os homes en 300 persoas (0,5%). Tras esta evolución Galicia conta con 56.600 mulleres paradas (50,3%) e 55.900 homes desempregados (49,7%). Fronte a este comportamento, o mercado laboral español presenta unha redución en ambos os dous casos, sendo esta caída máis intensa entre as mulleres que entre os homes (7,4% e 1,8%, respectivamente).

Fronte á devandita caída reflectida pola EPA, os datos das oficinas de emprego en Galicia reflicten un descenso do desemprego. No terceiro trimestre do ano o número medio de persoas paradas rexistradas redúcese un 7,3% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 119.200, o que supón 9.400 persoas menos. No conxunto do Estado esta taxa de variación interanual sitúase no 5%.

Atendendo ao valor das taxas de paro, que reflicten a relación entre a poboación parada e a poboación activa, o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 9,2% fronte ao 8,6% entre os homes. Este diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 12,5%, dous puntos e medio máis elevada que o desemprego entre os homes (seis décimas en Galicia).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2024.

	2019	2020	2021	2022	2023	2024		
Trimestre	III	III	III	III	III	I	II	III
	(en miles de persoas)							
Poboación parada	143,5	144,8	126,0	136,2	118,7	131,6	119,8	112,5
Homes	63,7	69,0	60,9	63,8	55,6	64,8	58,0	55,9
Mulleres	79,7	75,9	65,1	72,5	63,1	66,8	61,8	56,6
Paro de longa duración	56,7	53,7	50,2	49,9	40,9	43,1	40,4	35,6
	(Taxa de variación interanual; %)							
Poboación parada	-6,2	0,9	-13,0	8,1	-12,8	-2,5	2,2	-5,2
Homes	-11,5	8,3	-11,7	4,8	-12,9	1,1	3,2	0,5
Mulleres	-1,6	-4,8	-14,2	11,4	-13,0	-5,8	1,3	-10,3
Paro de longa duración	-10,4	-5,3	-6,5	-0,6	-18,0	-9,1	-1,5	-13,0
	(porcentraxe de poboación activa; %)							
Taxa de paro								
Total	11,5	11,8	10,2	10,9	9,4	10,5	9,5	8,8
Homes	9,8	10,7	9,4	9,9	8,5	10,0	8,9	8,6
Mulleres	13,3	13,0	11,0	12,0	10,3	10,9	10,2	9,2
Segundo nivel de estudios								
Estudios primarios	26,7	22,6	18,3	20,0	17,0	22,5	23,8	16,2
ESO. 1ª etapa	13,2	12,9	11,2	12,0	9,8	12,4	11,1	11,3
ESO. 2ª etapa	13,2	13,2	10,6	12,5	11,1	11,9	10,3	9,2
Educación superior	7,9	9,7	8,7	9,0	7,7	7,6	7,1	6,7
Segundo grupos de idade								
Menores de 25 anos	26,2	36,6	24,9	32,8	24,8	28,1	27,2	23,7
De 25 a 54 anos	10,9	11,1	9,6	10,1	8,9	9,7	8,9	7,8
Maiores de 55 anos	10,0	8,9	8,9	8,6	7,2	9,0	7,5	8,5
Segundo nacionalidade								
Española	10,7	11,1	9,5	10,3	8,7	9,4	8,7	7,8
Estranxeira	24,9	22,5	21,8	20,1	19,0	23,5	20,4	22,0

Fonte: IGE

taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende no último trimestre ata o 23,7%, máis dun punto inferior ao estimado na mesma data do ano anterior (24,8%), aumentando entre as persoas de 25 a 54 anos ata o 7,8% (8,9% no ano precedente), o que contrasta co descenso entre os maiores de 55 anos: 8,5% fronte ao 7,2% en 2023. Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende entre as persoas con estudos primarios

(23,7%, o valor máis baixo nun terceiro trimestre dende o inicio da crise) o que contrasta co incremento estimado entre as persoas coa primeira etapa da ESO (11,3% fronte ao 9,8% no mesmo período do ano precedente). A taxa de paro entre as persoas con estudos superiores sitúase no 6,7%, un punto menos que no ano anterior. Por último, a taxa de desemprego aumenta entre as persoas con nacionalidade estranxeira ata o 22%, tres puntos superior á estimada no terceiro trimestre de 2023, o que contrasta co descenso no caso das persoas de nacionalidade española, cunha taxa de paro do 7,8% (8,7% no ano precedente).

Xunto ao devandito descenso, cómpre mencionar a caída do paro de longa duración, redución que se produce con maior intensidade que no conxunto de España. No terceiro trimestre de 2024 un total de 39.200 persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, o que supón un 18,3% menos que no ano anterior, sendo este descenso interanual do 10,7% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, o 34,8% das persoas en paro levan máis dun ano en procura de emprego, cinco puntos e medio por baixo do estimado en 2023 (40,4%), situándose esta porcentaxe no 37,2% en España.

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o significativo descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, tras un descenso interanual do 20,9%, Galicia conta con 38.600 fogares con todos as persoas activas en paro, 10.200 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 3,4% dos fogares galegos (4,4% no mesmo período do ano anterior). Un segundo aspecto a salientar é a redución do número de fogares sen perceptores de ingresos, que en 2024 sitúase en 23.500 fogares, un 18,4% menos que no ano precedente (5.300 fogares menos). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 669.200 fogares, o que supón un 2,2% máis que no ano precedente (14.400 fogares máis).

NOTA DE CONXUNTURA

A IMPORTANCIA DAS REXIÓNS E AS CIDADES NO ACTUAL CONTEXTO DE TRANSFORMACIÓNS

AUTORES: JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA, FERNANDO GONZÁLEZ LAXE E PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

As recentes publicacións do Comité Europeo das Rexións de outubro ("Informe anual da UE de 2024 sobre o estado das rexións e cidades") e da OCDE de decembro ("OECD Regions and cities at a glance 2024") resaltan o papel das rexións e cidades á hora de abordar as transformacións e desafíos globais aos que se están a afrontar: desafíos demográficos ante a perda de poboación, envellecemento e os fluxos migratorios; cambios nos patróns de comercio; a transformación tecnolóxica e dixital; o medio ambiente e cambio climático; desafíos económicos e sociais como ante as desigualdades existentes... Cambios que teñen un impacto asimétrico dada a "diversidade" dos distintos territorios. Ambos os dous documentos resaltan a importancia de garantir un papel significativo aos gobernos locais e rexionais, por seren os máis próximos aos cidadáns, garantindo políticas arraigadas nas súas realidades territoriais contribuíndo así a ofrecer mellores oportunidades ás persoas e ás empresas, impulsando ao mesmo tempo a competitividade e a produtividade territorial.

Dunha banda, considérase necesario dominar a transición industrial e enerxética, reforzar os servizos públicos e fortalecer a resiliencia. No concernente á produtividade, competitividade e rexións innovadoras, ambos documentos resaltan que as disparidades rexionais en produtividade laboral seguen a ser significativas entre as rexións, estando altamente concentrados xeograficamente o comercio internacional, o investimento directo estranxeiro e a actividade de patentes. De non xestionarse ben esta concentración, o declive industrial de determinadas rexións incidirá nunha destrución de emprego, deterioro do benestar e por conseguinte, incremento das desigualdades sociais. A OCDE salienta as diferencias rexionais en empregos verdes, agravado por unha caída da produción industrial entre os ano 2023 e 2024.

A devandita desigualdade suxire, segundo o Comité Europeo das Rexións, a necesidade dunha nova estratexia industrial que converta ás rexións e cidades en polos de innovación, ace-

lere a transición enerxética e reforce a cohesión territorial; a necesidade de conexións a plataformas dixitais e centros de datos e redes 5G, promovendo innovacións en empresas emerxentes en IA e potenciar a ciberseguridade para protexer innovación e funcionamento de servizos. As rexións e cidades poden contribuír a esta estratexia industrial reforzando e conectando ecosistemas industriais rexionais e servindo de enlace con todas as partes interesadas.

Un segundo elemento é o logro dunha maior cohesión, sen deixar a ninguén e ningún territorio atrás, nin centros urbanos nin rurais. O elevado número de persoas en risco de pobreza e exclusión social en 2023 suxire a necesidade de políticas de protección social eficientes e servizos públicos de calidade caracterizadas por estaren arraigadas nas súas realidades territoriais e xerando cambios concretos e positivos. O acceso a unha vivenda asequible e de calidade; maior eficiencia do mercado de traballo; e a necesidade de apoiar a grupos vulnerables son tres elementos a ter en consideración.

No que ao acceso á vivenda se refire, este é vital para a protección social. Dunha banda cómpre resaltar que segundo eurostat o 47% dos mozos con idades comprendidas entre 18 e 34 anos aínda vive cos seus pais; doutra banda, o prezo da vivenda entre os anos 2010 e 2023 aumentou case un 50% e o de aluguer máis dun 25%; asemade, o prezo da vivenda nas grandes cidades é un 68% máis elevado que nas zonas intermedias e un 86% en relación as cidades pequenas.

No concernente ao emprego, en xeral os mercados de traballo son resilientes, se ben existen importantes disparidades entre áreas ou rexións. Entre estas cómpre mencionar a escaseza da man de obra cualificada en determinados sectores e territorios, problema que se agrava coa evolución da poboación; se ben a recuperación do nivel precrise da participación laboral e da taxas de desemprego é xeneralizada, esta é moito maior nas rexións metropolitanas; persisten as brechas de xénero a pesar de que o emprego masculino volveu ao niveis previos á pandemia e o emprego feminino superou eses niveis en moitas rexións; asemade considérase moi importante aumentar a participación no mercado laboral dos grupos subrepresentados, en particular as mulleres, para abordar a devandita escaseza de man de obra e compensar futuras caídas da poboación activa. Xunto a estes elementos, hai que mencionar que as oportunidades de educación superior a menudo se concentran en lugares con gran densidade de poboación, xa que ofrecen unha gran demanda de habilidades e un gran grupo de posibles estudantes (áreas metropolitanas concentran 7 de cada dez estudantes con estudios superiores). Por último,

ante o envellecemento da poboación e unha forza laboral cada vez menor, a migración internacional é unha fonte clave de traballadores potenciais; con todo a maioría de migrantes residen en rexións que non sofren ese declive poboacional (en 2020, o 83% dos migrantes residen e rexións cunha poboación estable ou en crecemento.

No concernente ao reto demográfico, o descenso da poboación conleva unha caída da poboación activa, o que pode influír nunha redución da actividade e por tanto un descenso do PIB. Ante a crecente demanda de atención sanitaria, pensións e servizos sociais as rexións teñen de prepararse para manter altos estándares de benestar para todos. Adicionalmente, os países teñen de facer fronte aos desafíos do envellecemento da poboación, máis acusado nas áreas rurais, así como o despoboamento. Neste senso, a conectividade segue a ser un factor crítico para facer fronte a estes novos desafíos.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	Asociación Gallega Empresa Familiar	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja	Galuresa Algo más que gasolineras	HR Hijos de Rivera
Hierros AÑÓN, S.A.	JEALSA	MEGASA
Naturgy	GrupoNogar	PÉREZ RUMBAO
ReVi	reganosa	Rodiñas
Rodman	ZFV CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO	Universidade Vigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2024

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es